

Festa de Interese  
Turístico Galego

Festa de Interese  
Turístico Estatal

# Lugo San Froilán 2024

4-12 outubro



Por Lugo:

# VAI EN BUS

**Máis barato**

**Máis ecolóxico**

**Sen buscar aparcamento**

[urbanoslugo.com](http://urbanoslugo.com)

**#activandolugo**



Concello de Lugo

Área de Mobilidade e  
Infraestruturas



## SUMARIO

Plano das Festas .....	4
Saúdo Alcaldesa .....	5
Saúdo Concelleira .....	7
Preparándose para Sanfroilanear .....	8
Venres 4 .....	9
Sábado 5 / San Froilán .....	11
Domingo 6 .....	16
Luns 7 .....	19
Martes 8 .....	20
Mércores 9 .....	24
Xoves 10 .....	25
Venres 11 .....	26
Sábado 12 .....	28
San Froilán Miúdo .....	34
Outras actividades .....	39
Actividades Deportivas .....	41
Comisión de Festas .....	42
Horario dos Museos + Teléfonos de Interese .....	43


EDITA



PRODUCCIÓN E IMPRESIÓN



Tel.: 902 271 902  
Editorial MIC [www.editorialmic.com](http://www.editorialmic.com)



# Plano das festas

- |          |                                |          |                                    |
|----------|--------------------------------|----------|------------------------------------|
| <b>T</b> | Oficina Municipal de Turismo   | <b>E</b> | Escenario Praza Horta do Seminario |
| <b>E</b> | Escenario Praza Santa María    | <b>E</b> | ExpoLugo                           |
| <b>V</b> | Punto Violeta                  | <b>E</b> | Escenario Praza da Mosqueira       |
| <b>I</b> | Punto de Información Turística |          |                                    |
| <b>C</b> | Carpa San Froilán Miudo        |          |                                    |



# Paula Alvarellos Fondo.

Alcaldesa de Lugo



A chegada do outono é a estación que marca a transición entre o verán e o inverno e provén do latín 'autumnus,' que significa a "chegada da plenitude do ano". Poucas veces foi tan acertado o significado dunha palabra para definir o que supón o San Froilán e as súas festas para a cidade de Lugo. Estes nove días, do 4 ao 12 de outubro, son sen dúbida o auxe e a culminación do que implica a celebración desta festa na nosa cidade. Por estas datas, cando a natureza expresa o seu fin de ciclo, chega o tempo de gozar da auténtica esencia lucense e de vivir unhas patronais que poden presumir do seu arraigo e dunha tradición, que se remonta 270 anos na nosa historia.

Falar do San Froilán é sinónimo de folclore, música, gastronomía, verbenas, charangas, grandes concertos, barracas e un sen fin de actividades; pero tamén é un compendio de sensacións para as e os que somos de aquí e que pasan pola emoción, a pertenza, a ilusión e o orgullo de ser de Lugo e de tomar parte nesta manifestación da nosa identidade colectiva.

Porque a esencia das nosas festas patronais vai máis aló do excelso programa que se prepara dende o Goberno local; son as celebracións para o reencontro: de amigas e amigos, de familiares, de compañeiras e compañeiros de traballo e de vida, que nestes días sempre buscan unha data para compartir unha nova vivencia, xeralmente arredor dunha mesa para degustar unhas racións de polbo á feira e de carne ó caldeiro.


Por iso a nosa festa, máis que ningunha outra, non sería posible sen a participación de todos e todas nós, xa que conformamos o elemento diferencial e destacado destas celebracións. Polo tanto, quero como alcaldesa agradecerlles o seu compromiso e implicación e tamén a súa sensibilidade por tomar parte nestes festexos que definen e engrandecen a nosa identidade como comunidade.

O día 4 darán comezo unhas celebracións que gozan ademais de moita fama fóra das fronteiras lucenses e do resto de Galicia. De feito, estas patronais foron declaradas Festas de Interese Turístico Nacional en 2006, o que supuxo un aliciente máis á hora de acoller aos milleiros de visitantes que chegan a Lugo durante estas datas. Porque durante o San Froilán esta cidade abre a súa muralla para amosar o seu carácter máis acolledor e presumir de todo o seu folclore, a súa tradición e de todo o seu patrimonio material e inmaterial que nos permite conquistar, a través dos sentidos a todas e todos aqueles que nos visitan.

Esta nova edición do San Froilán servirá para dar a coñecer, un ano máis, todo o que é e o que significa Lugo para as persoas foráneas; pero, por riba de todo, son unhas celebracións para as e os lucenses, para que gocemos co reencontro, para que compartamos vivencias e para que ao ano seguinte teñamos unha nova ilusión coa chegada do outono.

Boas festas e feliz San Froilán

# Patrocinadores oficiais San Froilán 2024



# Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

Concelleira de Cultura,  
Turismo e Promoción  
da Lingua



Volve a nosa festa, volve o San Froilán, comeza un ano máis o baile, a troula as reunións e reencontros. Volveremos a sorprendernos mentres recorremos a nosa cidade, envoltos en arte nas súas múltiples formas, coa música resoando nas nosas cabezas e as emocións removendo os nosos corpos. Poderemos, unha vez máis, xuntarnos para compartir xantares e risas cos seres queridos, se podemos, aproveitemos para facelo. Todas as festas son únicas e perfectas para quen as vive, e as de cada un son sempre as mellores. Este é un exercicio lexítimo de chovinismo e exercendo o meu dereito direi, sen medo a faltar a verdade, que o San Froilán é único e a máis especial das festas. Ningunha outra marca a entrada do outono, e por isto é que a nosa festa é a gran festa do outono galego e mundial. Para as persoas que habitamos esta cidade tamén marca o principio do noso ano, todo comeza despois do San Froilán, co fol cheo de recordos e ánimos para termar dun novo curso. E que mellor maneira de comezar unha nova volta ao sol que compartindo momentos no recinto feudal, nas casetas, acudindo xuntas aos concertos e actuacións de todo tipo pensadas para emocionarnos e conseguir quedar gravadas por sempre nas nosas mentes, asociadas a sentimentos bonitos aos que poder recurrir cando veñan mal dadas, unha balsa na que agarrarse se chega a tormenta. Sanfroilaneando pode salvarnos nun momento dado ou canto menos axudarnos a levar as cousas mellor.










Todo isto, temos que ser capaces de transmitilo, de propagalo. As nosas festas son, ademais dun espello no que miramos, a mellor maneira de mostrarnos ao mundo. Fagamos que aquelas persoas que nos visiten vexan a nosa mellor versión, que nos coñezan e recomenden, que difundan as nosas bondades pola mundo adiante. Fagámolo posible din xeito moi sinxelo, mostrándonos como somos; abertas, positivas, tolerantes e respetuosas. Mostremos o noso sorriso cómplice e acolledor e deste consigamos que aquelas persoas que nos visitan sexan quen de sanfroilaneando aproveitando as nosas festas ao máximo. Que esa sexa a resposta cando lles pregunten polos seus mellores recordos; aquel ano, sanfroilaneando.

Desfrutemos da nosa cidade no seu cumio, engalanada coa súa decoración festiva e cun sentimento de que todo é posible percorrendo os nosos corpos. Xa postos, fagámolo con xeito. Sanfroilaneando sen descanso e facendo da nosa cidade o mellor dos sitios onde estar. É doado, so hai que seguir polo pau, insistamos como levamos facendo os últimos 270 anos. E fache deemos, claro que si, é case unha obriga facelo das festas que máis público convocan e das que máis prestixio teñen de todas cantas hai na Galiza.

Non hai mellor sensación que sanfroilaneando, non hai mellor maneira de pasar o tempo que Sanfroilaneando. Boas Festas!



### PREPARÁNDOSE PARA **SANFROILANEAR**

-  Verbenas
-  Música tradicional
-  Concertos
-  Animación rúa / Charangas
-  Bandas música
-  Espectáculos de rúa para público familiar
-  Feiras
-  Obradoiros
-  Outros





# Lugo San Froilán 2024

## VENRES 4

**10.00 H.** **III Feira de Olería Lugo Tradicional (FOLT)** na praza Santo Domingo (fronte á Praza de Abastos) até ás 21.00h.

**17.00 H.** **VIII ESPAZO HIP HOP** con batalla de galos e as actuacións de **GUFI + LA NASA + DOMINGUEZ FLACO + SOSAD.97**, na praza da Mosqueira das 17h ás 01.30h.

**VIII EDICIÓN**  
**ESPAZO HIPHOP**

**SOSAD.97**  
**DOMINGUEZ FLACO**  
**LANASA**  
**GUFI!**

BATALLAS DE GALLOS SON DA MURALLA — DJ SET: SORI PERIES  
CARICATURAS — EXHIBICIÓN DE BAILE STARDANCE

**ENTRADA GRATUITA** **17.00h**  
apertura

PRAZA DA MOSQUEIRA, LUGO


**18.00 H.** **XII Desfile de Gando tradicional do San Froilán.** Percorrido: tramo peonil da ronda da Muralla, praza da Constitución, Campo Castelo, praza Maior e Bispo Aguirre. Coa actuación de **A Volta do Agro**.

**20.00 H.** **Pregón** a cargo de **LUZ DARRIBA** no balcón da Casa do Concello.

**20.30 H.** **Os Pelúdez entre nós + Xigantes e Cabezudos + A volta do agro** no pregón, na praza Maior e Campo Castelo.

**21.00 H.** **Pasarrúas de Cántigas e froes** pola Tinería, rúa Nova e praza da Soidade.

**21.00 H.** Concerto da **BANDA FILHARMÓNICA** na praza Santa María.





**22.00 H.** Concerto de **FILLAS DE CASSANDRA** na praza Horta do Seminario. Ás 21.00h Teloneiros: **Verter GZ.**

**23.00 H.** Concerto de **LA PERRA BLANCO** na praza Santa María.

**00.30 H.** **FESTICULTORES** na praza Santa María.



## SÁBADO 5 (SAN FROILÁN E DÍA DE FERROL)

**10.00 H.** **III Feira de Olería Lugo Tradicional (FOLT)** na praza Santo Domingo (fronte á Praza de Abastos) até ás 21.00h.

**10.00 H.** **OKTOBERINK** organizado pola Asociación Galega de Arte Corporal. Desde ás 10h até ás 22h. Ás 13.30h Concerto de Beach Avenue, ás 17h exhibición baile Gravity, ás 18h concerto La Indirigible.

**10.00 H.** **XXXI Feira do Mel.** Até as 21.00h na praza da Soidade. *Cata de mel* ás 12.30h e *Obradoiro de Globoflexia* das 12h ás 14h.

**11.00 H.** **EXPOLUGO. Exposición de razas autóctonas da Galiza;** Das 11:00 ás 20:00 h na carpa xunto ao Vello Cárcere. Bovino: Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá, Vianesa e Rubia Galega. Ovino: Ovella Galega, Suffolk, Charolesa, Romanov, Churra e Texel negra. Caprino: Cabra Galega e Boer. Porcino: Porco Celta. Aves: Galiña de Mos e Galiña Piñeira. Equino: Pura Raza Galega. Cans: Can de Palleiro.

**11.00 H.** **Recepción oficial á Corporación do Concello de Ferrol** no Salón de Plenos na Casa do Concello.

**11.00 H.** **San Froilán Tecedeiro** no parque Rosalía de Castro. Mostra artesanal e obradoiro de construción de varias pezas artísticas con materiais autóctonos,

na que poderán participar todas aquelas persoas que o desexen (Das 11.00h ás 13.30h).

**11.00 H.** **Feira de antigüidades e coleccionismo** na rúa da Raiña. Todo o día.

**12.00 H.** Ofrenda da Corporación municipal a San Froilán, na Catedral de Lugo.

**12.00 H.** Pasarrúas de **Falso Teito** por Albeiros e As Gándaras.

**13.00 H.** **XXI FESTIVAL DE CULTURA TRADICIONAL** organizado pola Asociación Cultural Cántigas e Frores, coas actuacións da **Asociación Cultural Cántigas e Frores** e a **Asociación Cultural Donaire** na praza de Santa María.

**12.30 H.** **Os Pelúdez entre nós** pola praza Maior e o recinto feiral.

**12.30 H.** Actuación de **Cantareiras D'Xanares** na praza da Soidade.

**12.30 H.** **ACROCIRCUS** da **Fundación Tchyminigagua**, espectáculo de circo para toda a familia na praza de Augas Férreas.



**13.00 H.** **O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO** coa actuación do mago David Méndez na praza Agro do Rolo (zona A Milagrosa).



**5-6**

**OUTUBRO**

Rúa Cantiño Nemesio Cobreros Arquitecto  
Entre O Vello Cárcere e o Seminario de Lugo

## **ENTRADA DE BALDE**

Venres ás **18:00h.** Desfile de gando de San Froilán

Sábado de **11:00h.** a **20:00h.**

Domingo de **11:00h.** a **15:00h.**

**13.00 H.** 3º encontro de bandas coas actuacións de; **Banda Filharmónica de Lugo + Banda de Vilalba** na praza da Mosqueira.

**13.00 H.** Pasarrúas de **Os Picurruchos** pola praza Mártires de Carral, rúas Dinán e San Roque ata Montirón.

**13.00 H.** **Cabezudos + Caivanca** polo Campo Castelo e praza Maior.

**17.00 H.** **San Froilán Tecedeiro** no parque Rosalía de Castro. Mostra artesanal e obradoiro de construción de varias pezas artísticas con materiais autóctonos, na que poderán participar todas aquelas persoas que o desexen (Das 17.00h ás 20.00h).

**17.00 H.** **ACROCIRCUS** da **Fundación Tchyminigagua**, espectáculo de circo para toda a familia na praza de Augas Férreas.

**18.00 H.** **O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO** coa actuación do mago David Méndez na praza Agro do Rolo (zona A Milagrosa). Pases ás 18.00, 19.30 e 21.00h.

**18.00 H.** **Verbena galega d'antes.** Espectáculo participativo. Obradoiro de bailes de verbena ás 18h, chagada das merendas, gaiteiros e figurantes ás 18.45h e comezo da verbena coa actuación de **Airiños da Freba e bailador@ de Oxeito**, ás 19.30h na praza Maior (Quiosco da música).





**19.00 H.** Pasarrúas de **Arrincadeira Folk** por Recatelo, Puro Cora, Vila de Foz e recinto feiral.

**19.00 H.** Pasarrúas de **Nubeiro** pola praza Mártires de Carral, San Pedro, Progreso, San Marcos e Rúa Nova.

**21.30 H.** **V ELECTRONIC LUCUS FEST** coas actuacións de DJ Frisco & Marcos Peón, Hugo Leivas, Manu Chady e Popy García das 21.30 h ás 02.00 h na praza da Mosqueira.

**21.00 H.** Concerto de **RENALDO & CLARA** na praza Santa María.



**22.00 H.** Concerto de **DOLLAR SELMOUNI** na praza Horta do Seminario. Ás 21.00h Teloneiros: **Sudak's & Kali la negra.**

**23.00 H.** Verbena coa orquestra **ESCAPARATE** na praza Maior.



**23.00 H.** Concerto de **ARTISTAS DEL GREMIO** na praza Santa María.

**00.30 H.** **FESTICULTORES** na praza Santa María.





## DOMINGO 6 (DOMINGO DAS MOZAS)

**10.00 H. III Feira de Olería Lugo Tradicional (FOLT)** na praza Santo Domingo (fronte á Praza de Abastos) até ás 21.00h.

**10.00 H. OKTOBERINK** organizado pola Asociación Galega de Arte Corporal. Desde ás 10h até ás 22h. Ás 11.00h sesión DJ, ás 13.30h Concerto Nacarúh, ás 17h exhibición baile Gravity, ás 18h concerto Sin Trom ni Son.

**10.00 H. XXXI Feira do Mel.** Até as 21.00h na praza da Soidade. Cata de mel ás 12.30h e Obradoiro de Velas das 12h ás 14h.

**11.00 H. EXPOLUGO. Exposición de razas autóctonas da Galiza;** Das 11:00 ás 20:00 h na carpa xunto ao Vello Cárcere. Bovino: Cachena, Caldela, Frieiresa, Limiá, Vianesa e Rubia Galega. Ovino: Ovella Galega, Suffolk, Charolesa, Romanov, Churra e Texel negra. Caprino: Cabra Galega e Boer. Porcino: Porco Celta. Aves: Galiña de Mos e Galiña Piñeira. Equino: Pura Raza Galega. Cans: Can de Palleiro.







**11.00 H. San Froilán Tecedeiro** no parque Rosalía de Castro. Mostra artesanal e obradoiro de construción de varias pezas artísticas con materiais autóctonos, na que poderán participar todas aquelas persoas que o desexen (Das 11.00h ás 13.30h).

**11.00 H. 52ª Edición do Desfile do traxe galego** na praza Maior.

**11.30 H. XXV Mostra de Música Tradicional Galega do Domingo das Mozas, coa Asociación de Gaiteir@s Galeg@s**, polo recinto histórico. Das 11:30h ás 13.30h e das 17.00h ás 18.30h. Participan: *A Gaita de Sarandón (Vedra - A Coruña)*, *Contiños da Feira (A Coruña)*, *De Pe Feito (Ourense)*, *Herba Grileira (Melide - A Coruña)*,



*Illa Pancha (Ribadeo - Lugo), Lembranzas da Ría (Cangas do Morrazo - Pontevedra), Os Barrios (Chantada - Lugo), Raigames (Vigo - Pontevedra), Silveiras do Támea (Laza - Ourense).*

**12.00 H. Ofrenda floral a Rosalía de Castro** por parte de **Marga Portomeñe e Ana Carreira** no Parque de Rosalía de Castro. Coa actuación musical do **Coro de Cántigas e Froes**.

**12.30 H.** Pasarrúas de **A volta do agro** polo barrio da ponte.

**12.30 H.** Pasarrúas de **Trastiños do Castelo** pola Avenida Adolfo Suárez e o Sagrado Corazón.

**12.30 H.** Concerto de **Airiños de Orbazai** na praza Santa María.

**13.00 H. Concerto de Branca Villares e Pablo Pintor** na praza da Mosqueira.

**13.00 H. Cabezudos** polo Campo Castelo e praza Maior.

**13.00 H. O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO** coa actuación de O Mago Antón na praza de Augas Férreas.

**17.00 H. San Froilán Tecedeiro** no parque Rosalía de Castro. Mostra artesanal e obradoiro de construción de varias pezas artísticas con materiais autóctonos, na que poderán participar todas aquelas persoas que o desexen (Das 17.00h ás 20.00h).

**17.30 H. Os Pelúdez no Cemiterio San Froilán.** Visita guiada polo cemiterio da man de Os Pelúdez

**18.00 H. O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO** coa actuación do Mago Antón na praza de Augas Férreas. Pases ás 18.00, 19.30 e 21.00h.

**18.30 H.** Concerto de **CARAPAUS** na praza Santa María.

**19.30 H.** Pasarrúas de **Foliada de Bosende** pola Avenida da Coruña(desde a Medusa), praza Viana do Castelo e praza do Agro do Rolo.

**19.30 H. Os Pelúdez entre nós** pola praza Maior e o recinto histórico.

**20.00 H.** Concerto de **BELEM TAJES** na praza da Mosqueira.

**20.00 H.** Pasarrúas de **Reviravolta** polo Campo Castelo, rúa San Pedro, Raíña e praza Santo Domingo.

**20.00 H.** Concerto de **OS MELIDAOS** na praza Santa María.





**22.00 H.** Concerto de **SÉS** na praza Horta do Seminario. Ás 21.00h  
Teloneiros: **Filophóbricas**.

## **LUNS 7** **(DÍA DOS MAIORES)**

**12.00 H.** Pasarrúas de **Foliada de Bosende** polas rúas Progreso,

Raiña, San Marcos, praza de Ferrol, Campo Castelo, San Pedro e Mártires de Carral.

**18.00 H.** Verbena coa orquestra **STEREO** na praza Maior.

**20.00 H.** Concerto de **Mr. Hathaway** na praza da Mosqueira.





**20.00 H.** Pasarrúas de **Reviravolta** polo recinto histórico, rúa Nova e Tinería.

**21.00 H.** Concerto de **CLUB DEL RÍO** na praza de Santa María. Ás 20.00h Teloneiros: **Nebra**.

**21.30 H.** Concerto de **Beach Avenue** na praza da Mosqueira.

## **MARTES 8**

**12.30 H.** Pasarrúas de **Nubeiro** pola rúa Quiroga Ballesteros, praza Santo Domingo, praza Soidade, Praza de Abastos e Mercado Municipal.

**19.00 H.** Presentación do número 21 da Colección **San Froilán dos Devanceiros: "Pelúdez. O libro II"** de Xose de Cora, no Centro Cultural Vello Cárcere.

**19.00 H.** Pasarrúas de **Estoupacaldeiros** pola praza de Augas Férreas, Estrada da Granxa, Campos Novos, Afonso X, Avenida de Magoi e Acea de Olga.



**20.00 H.** Concerto de **NAHUAL** na praza da Mosqueira.

**20.00 H.** Pasarrúas de **Son de Lugh** pola Ronda das Fontiñas e Montirón.

**20.30 H.** Actuación da **TAMBUKDA** polo recinto histórico, zona dos viños e Tinería.

**21.00 H.** Concerto de **MARÍA RODÉS**; ; **X aniversario de María Rodés Canta Copla** na praza Santa María. Ás 20.00h Teloneiros: **La Alfombra Mágica.**

**21.30 H.** Concerto de **Adrián Vigo** na praza da Mosqueira.



# Indupavi les desea unas fiestas de San



**Pavimentos de resina · Reparaci**  
**Pavimentos deportivos · Refue**

[www.indupavi.es](http://www.indupavi.es)



**¡Felices  
Froilán**



**Construcción de pavimentos de hormigón  
reforzado y reparación del hormigón**



**INDUPAVI**  
PAVIMENTOS INDUSTRIALES

## MÉRCORES 9

**12.00 H.** Pasarrúas de **Caivanca** pola rúa Progreso, Raíña, San Pedro, praza San Marcos, Ferrol e Campo Castelo.

**17.00 H.** Actuación de "**PASMO DE PEDRA**" de Mircromina Títeres, espectáculo para público familiar na praza Maior fronte a Casa do Concello.

**19.00 H.** **Letra das Festas 2024 (a revista oral do San Froilán)**; Historias da radio. Lembranzas e sucedidos das nosas festas, no Centro Cultural Vello Cárcere, coa participación de Félix Jorquera, Lourdes Abuide, Paco Nieto, Tonina Gai, Juan Carlos...etc. Organizado

pola sección de literatura de tradición oral da AELG.

**20.00 H.** Pasarrúas de **Biouteiro-Astelu** polas rúas Paxariños, Ramón Montenegro, Primavera, Carril das hortas e Ronda das Fontiñas.

**20.00 H.** Concerto de **Ringdown** na praza da Mosqueira.

**20.00 H.** Pasarrúas de **Cántigas e Frores** por Recatelo, Puro Cora e Recinto Feiral.

**21.00 H.** Concerto de **FETÉN FETÉN; Miña terra no corazón** na praza Santa María. Ás 20.00h Teloneiros: **Abya Yala.**

**21.30 H.** Concerto de **Kalte Sonne** na praza da Mosqueira.






## XOVES 10

**12.00 H.** Pasarrúas de **Cántigas e frores** polo recinto histórico, rúa Nova e Tinería.

**17.00 H.** Actuación de **"A TÓMBOLA DO CROMINA"** de Mircromina Títeres, espectáculo para público familiar na praza Maior fronte a Casa do Concello.



**20.00 H.** Concerto de **"The Groovefathers "Homenaxe a Telmo"** na praza da Mosqueira.

**20.00 H.** Pasarrúas de **Falso Teito** pola Avenida das Américas, Marqués de Ombreiro e Barrio da Cheda.

**20.30 H.** Actuación do **BLOCO MEIGALLO** polo recinto histórico, zona dos viños e Tinería.

**21.00 H.** Concerto de **PEDRO PASTOR Y LOS LOCOS DESCALZOS** na praza Santa María.  
Ás 20h Teloneiros: **Groove Mambí.**





**23.00 H.** Concerto de **TRIÁNGULO DE AMOR BIZARRO** na praza Santa María.

**19.00 H.** **XIX SANFROIDANCE** na praza da Mosqueira. Das 19.00h ás 02.00h coas actuacións de; **DJ PANKO, PROFESOR ÁNGEL DUST, DJ ELOY, SR. WILSON & GRIFFI, DJ INO, DJ GRIFFI E VDJ DOBLE K.**

## VENRES 11

**11.30 H.** Pasarrúas de **Os Picurruchos** pola rúa Quiroga Ballesteros, Mercado Municipal, Praza de Abastos e praza Santo Domingo.

**17.30 H.** Espectáculo itinerante **"THE YETIS" de Campi qui pugui.** Espectáculo teatral para público familiar. *Percorrido; saída dende o San Froilán Miúdo na rúa alcalde Anxo López Pérez, Bispo Aguirre, praza Maior e Campo Castelo..*



**19.00 H.** *Os Pelúdez entre nós*  
Os Pelúdez visitan a exposición.  
**Pelúdez nos fondos arquivísticos do Museo Provincial de Lugo.**

**19.30 H.** Espectáculo itinerante  
**"THE YETIS" de Campi qui pugui.**  
Espectáculo teatral para público familiar. *Percorrido; saída dende o San Froilán Miúdo na rúa alcalde Anxo López Pérez, Bispo Aguirre, praza Maior e Campo Castelo..*

**20.00 H.** Pasarrúas de **Airiños de Orbazai** pola rúa Lamas de Prado, barrios do Castiñeiro e da Residencia.

**21.00 H.** Concerto de **REPION** na praza Santa María. Ás 20.00h  
Teloneiros: **JADE4.**



**22.00 H.** Concerto de **COQUE MALLA** na Horta do Seminario. Ás 21.00h  
Teloneiros: **Berta Franklin.**





**23.00 H.** Verbena coa orquestra **COSTA DORADA** na praza Maior.

**23.00 H.** Concerto de **ZETAK** na praza Santa María.

**00.30 H.** A **DUENDENETA** na praza da Soidade.

## SÁBADO 12

**11.00 H.** Feira de antigüidades e coleccionismo na rúa da Raíña. Todo o día.

**11.00 H.** Inauguración da **"Volta ao Medievalo"** ao carón da Catedral de Santa María. **Feira Medieval** organizada pola Asociación de antigas alumnas e alumnos da escola de Arte e Superior de deseño Ramón Falcón. Actuacións musicais, desfiles, xogos e máis até as 22.00h.

**11.30 H.** **"IV SALTAR NA RÚA - MILLA POPULAR 40 aniversario**





**LUCUS** na praza Horta do Seminario. Milla Popular ás 11.30h e exhibición de saltos ás 12h.

**12.00 H.** Pasarrúas de **Treboada** pola avenida da Coruña, río Sil e Barrio Paradai.

**12.30 H.** Concerto de: **Banda Sons e Soños** na praza Santa María.

**12.30 H.** Actuación de **A VOLTA DO AGRO** na praza da Soidade.

**12.30 H.** Espectáculo itinerante **"RAG & BONE"** de **XIP XAP TEATRE**. Espectáculo teatral para público familiar. *Percorrido; saída dende o San Froilán Miúdo na rúa alcalde*

*Anxo López Pérez, Bispo Aguirre, praza Maior e Campo Castelo.*

**13.00 H.** Concerto de **FOOLMAKERS** na praza da Mosqueira.

**13.00 H.** **O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO** coa actuación do mago Xulio Merino na praza do Castiñeiro.

**13.00 H.** **"Os cegos no Camiño"** Encontro de romanceiros medievais, cegos e Lazarillos procedentes de toda Galiza na rúa San Pedro, Bo Xesús, praza Maior, praza do Campo e praza Pío XII.



**17.30 H.** Espectáculo itinerante **"GO GO & STAY STAY STREET"** de **MIMO'S DIXIE BAND**. Espectáculo músico-teatral para público familiar. *Percorrido; saída dende o San Froilán Miúdo na rúa alcalde Anxo López Pérez, Bispo Aguirre, praza Maior e Campo Castelo.*

**18.00 H.** **O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO** coa actuación do mago Xulio Merino na praza do Castiñeiro. Pases ás 18.00, 19.30h e 21.00h.

**18.30 H.** **III Festival de cultura tradicional do San Froilán Miúdo** na carpa do San Froilán Miúdo.

**19.00 H.** **"OS CEGOS NO CAMIÑO"** Encontro de romanceiros medievais, cegos e Lazarillos procedentes de toda Galiza na rúa San Pedro, praza Maior, praza do Campo e Bo Xesús.

**19.30 H.** Espectáculo itinerante **"GO GO & STAY STAY STREET"** de **MIMO'S DIXIE BAND**. Espectáculo músico-teatral para público familiar. *Percorrido; saída dende o San Froilán Miúdo na rúa alcalde Anxo López Pérez, Bispo Aguirre, praza Maior e Campo Castelo.*

**20.00 H.** Pasarrúas de **Xaora** pola rúa Montero Ríos, Rafael de Vega, Miguel de Cervantes e Castelao.

**19.00 H.** **"SAN FROILÁN SORRÍ. O recuncho da comedia"** Espectáculo teatral cos monólogos de; David Amor e David Perdomo na praza da Mosqueira.

**21.00 H.** **VIII Concurso MISS DEUSA.** Organizado polo Colectivo ALAS na praza da Mosqueira.



**21.00 H.** Concerto de **PAULA MATTHEUS** na praza Santa María.

**22.00 H.** Concerto de **MILLADOIRO - 45 ANIVERSARIO** na Horta do Seminario. Ás 21.00h Teloneiros: **Milesios**.






**23.00 H.** Verbena coa orquestra  
**ACORDES** na praza Maior.




**23.00 H.** Concerto de **MONDRA** na  
praza Santa María.





# SAN FROILÁN 2

# miudo 24



Os amigos de S. Froilán sempre volverán

# SAN FROILÁN MIÚDO

## ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES PARA TODA A FAMILIA

### VENRES 4:

**18.30 H. Ritmo Lugo.** Exhibicións de baile na carpa do San Froilán Miúdo.

**20.30 H. Os Cabezudos + A volta do Agro** na praza Maior (fronte á Casa do Concello).

### SÁBADO 5:

**11.00 H. "CIRCUS FERIA"** de Bambolea na carpa do San Froilán Miúdo. Xogos de feira para todas as idades; motricidade, forza, coordinación, puntería para desfrutar en familia. *Dende ás 11.00h até ás 14.00h e das 16.00h até ás 18.00h.*

**12.30 H. "ACROCIRCUS"** de Fundación Tchyminagua, espectáculo de circo para toda a familia na praza de Augas Férreas.

**13.00 H. O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO:** coa actuación do mago David Méndez na praza Agro do Rolo (zona A Milagrosa).

**16.00 H. "CIRCUS FERIA"** de Bambolea na carpa do San Froilán Miúdo. Xogos de feira para todas as idades; motricidade, forza, coordinación, puntería para disfrutar en familia. *Dende ás 11.00h até ás 14.00h e das 16.00h até ás 18.00h.*





**17.00 H. "ACROCIRCUS"** de Fundación Tchyminagua, espectáculo de circo para toda a familia na praza de Augas Férreas.

**18.00 H. O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO** coa actuación do mago David Méndez na praza Agro do Rolo (zona A Milagrosa). Pases ás 18.00, 19.30 e 21.00h.

**18.30 H. "INCREDIBLE BOX"** de Cía La Tal na Carpa do San Froilán Miúdo.

## DOMINGO 6

**11.00 H. "LARUN"** de Jokai na carpa do San Froilán Miúdo. Colección de xogos de madeira inspirados na mitoloxía vasca. Das 11.00h ás 14.00h e das 16.00h ás 18.00h.





**13.00 H. Os Cabezudos** polo Campo Castelo e praza Maior.

**13.00 H. O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO:** coa actuación de O Mago Antón na praza de Augas Férreas.

**16.00 H. "LARUN"** de Jokai na carpa do San Froilán Miúdo. Colección de xogos de madeira inspirados na mitoloxía vasca. *Das 11.00h ás 14.00h e das 16.00h ás 18.00h.*

**18.00 H. O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO** coa actuación do Mago Antón na praza de Augas Férreas. Pases ás 18.00, 19.30 e 21.00h.

**18.30 H. "TÁVOLE"** de Circo Chosco na carpa do San Froilán Miúdo.

## LUNS 7

**18.30 H. "ROGELIO III LA FÊTE"** de Assircopatas na carpa do San Froilán Miúdo.





## MARTES 8

**18.30 H.** **"LULLABY"** de Compañía Proyecto Kavauri na carpa do San Froilán Miúdo.

## MÉRCORES 9

**17.00 H.** Actuación de **"PASMO DE PEDRA"** de Mircomina Títeres, espectáculo para público familiar na praza Maior fronte a Casa do Concello.

**18.30 H.** **"COA MÚSICA A OUTRA PARTE"** de Trécola producións na carpa do San Froilán Miúdo.

## XOVES 10

**17.00 H.** Actuación de **"A TÓMBOLA DO CROMINA"** de Mircomina Títeres, espectáculo para público familiar na praza Maior fronte a Casa do Concello.

**18.30 H.** **"MALABARIAN ON THE ROX"** de Cia. Roxi Katcheroff na carpa do San Froilán Miúdo.

## VENRES 11

**17.30 H.** **"THE YETIS"**. Espectáculo teatral itinerante para público familiar de Campi qui pugui . *Percorrido; saída dende o San Froilán Miúdo na rúa alcalde Anxo López Pérez, Bispo Aguirre, praza Maior e Campo Castelo.*






**18.30 H. "MUTE"** de Oran Bi na carpa do San Froilán Miúdo.



**19.30 H. "THE YETIS"**. Espectáculo teatral itinerante para público familiar de Campi qui pugui . *Percorrido; saída dende o San Froilán Miúdo na rúa alcalde Anxo López Pérez, Bispo Aguirre, praza Maior e Campo Castelo.*

### SÁBADO 12:

**11.00 H. "JUEGA A LO GRANDE"** na carpa do San Froilán Miúdo. Orixinais e únicos xogos artesanais de madeira para toda a familia. Constrúe, apunta, golpea e lanza. Saca a relucir a túa coordinación e equilibrio, a túa destreza e puntería. *Dende ás 11.00h até ás 14.00h e das 16.00h até ás 18.00h.*



**12.30 H. "RAG & BONE"** Espectáculo teatral itinerante para público familiar de Xip Xap Teatre. *Percorrido; saída dende o San Froilán Miúdo na rúa alcalde Anxo*

*López Pérez, Bispo Aguirre, praza Maior e Campo Castelo.*

**13.00 H. O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO:** coa actuación do mago Xulio Merino na praza do Castiñeiro.

**16.00 H. "JUEGA A LO GRANDE"** na carpa do San Froilán Miúdo. Orixinais e únicos xogos artesanais de madeira para toda a familia. Constrúe, apunta, golpea e lanza. Saca a relucir a túa coordinación e equilibrio, a túa destreza e puntería. *Dende ás 11.00h até ás 14.00h e das 16.00h até ás 18.00h.*

**17.30 H. "GO GO & STAY STAY STREET"** Espectáculo músico - teatral itinerante para público familiar de Mimo's Dixie Band . *Percorrido; saída dende o San Froilán Miúdo na rúa alcalde Anxo López Pérez, Bispo Aguirre, praza Maior e Campo Castelo.*

**18.00 H. O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO** coa actuación do mago Xulio Merino na praza do Castiñeiro. *Pases ás 18.00, 19.30h e 21.00h.*

**18.30 H. "III FESTIVAL TRADICIONAL INFANTIL"** de Cántigas e froes na carpa do San Froilán Miúdo.

**19.30 H. "GO GO & STAY STAY STREET"** Espectáculo músico - teatral itinerante para público familiar de Mimo's Dixie Band . *Percorrido; saída dende o San Froilán Miúdo na rúa alcalde Anxo López Pérez, Bispo Aguirre, praza Maior e Campo Castelo.*



# OUTRAS ACTIVIDADES

## EXPOLUGO

Exposición de razas autóctonas da Galiza; Sábado 5 e domingo 6 das 11:00 ás 20:00 h na carpa xunto ao Vello Cárcere. Bovino: Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá, Vianesa e Rubia Galega. Ovino: Ovella Galega, Suffolk, Charolesa, Romanov, Churra e Texel negra. Caprino: Cabra Galega e Boer. Porcino: Porco Celta. Aves: Galiña de Mos e Galiña Piñeira. Equino: Pura Raza Galega. Cans: Can de Palleiro.



## VENRES 4:

18:00h. Desfile de Gando.

## O Vello Cárcere:

## SÁBADO 5.

11h. "Que rumiara cando crías pequenos ruminantes. Primeiros pasos para a posta en marcha dunha

granxa de ovino-cabrún". Por Miguel Viña Vázquez, veterinario de ADSG ACIVO e Amaia Santamaría Benito, técnica de OVICA

12:30h. Mesa de expertos.

16:30h. Asemblea ACIVO.

17:30h. "Enfermidades emerxentes debido a parásitos externos". Por Ana Jamardo Cerneira, veterinaria de ADSG ACIVO.

18:00h. Desfile de Gando.

## Pazo de Feiras e Congressos de Lugo:

## SÁBADO 5.

10:00h. "Plan sanitario integral de explotacións de gando vacún." Pol Doutor D. José Antonio Fernández García, membro da xunta do Colexio de Veterinarios de Lugo.

10:45h. "Terra e xente: Aprendendo do pasado, mirando ao futuro". Por D. Marcos Vázquez, Presidente do Colexio de enxeñeiros agrícolas, director de Mucicla e técnico da Consellería do Medio Rural na oficina de Meira · Muvicla.

11:30h. "Da escola á granxa; Aposta polo futuro do rural desde a educación infantil e primaria." Por D. Carlos A. Rodríguez Rodríguez, enxeñeiro agrónomo · Área de Medio Rural, Mar e Mocidade da Vicepresidencia da Deputación Provincial de Lugo.

12:00h. "Proxecto Asoporcel; Trazabilidade dixital certificada por blockchain na cadea produtiva da raza autóctona 100% Porco Celta". Por D. Mario Rouco Rey, enxeñeiro agrónomo e desenvolvidor de negocio de Innogando-Asoporcel

**12:30h.** "Proxecto Bio4trace: Biotecnoloxía para a trazabilidade e selección xenética en razas minoritarias españolas". Por D. Roberto Besteiro Doval, investigador no Centro de Investigación agraria de Mabegondo (CIAM)-Asporcel.

### EXPOSICIÓN. "PELÚDEZ NOS FONDOS ARQUIVÍSTICOS DO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO".

Do 24 de setembro ás 19:00 h ao 27 de outubro no Refectorio do Museo Provincial de Lugo. Exposición comisariada por María Begoña Fernández García e Brais Rodríguez Romero e coordinada por AURELIA BALSEIRO GARCÍA, Directora do MPL. Organizada polo Museo Provincial de Lugo-RMP da Área de Cultura da Deputación de Lugo coa colaboración de El Progreso e Achádegro Teatro

### EXPOSICIÓN "A GALICIA CEREIRA DOS SÉCULOS XVIII E XX: VELAS, VELÓNS E EXVOTOS".

Datas: Do 30 de outubro ao 24 de novembro.

Horario: 10:00h a 13:30h e de 16:00h a 20:30h de martes a sábado; domingos 10:00h a 16:00h; lúns pechado.

Lugar: Museo Provincial de Lugo.

### O "CLAVI CO SAN FROILÁN"

Día 4 ás 0.00h "Anna Colom".

Día 5 ás 0.00h "Beater Jazz Collective".

### A Galicia cereira dos séculos XVIII ao XX velas, velóns e exvotos



Museo Provincial de Lugo  
30 outubro ao 24 novembro • 2024



Día 9 ás 22.30h "Matt Pascale & The Stomps".

Día 11 ás 0.00h "Sweet Martha & The Blues Shakers".

Día 12 ás 0.00h "Aldakan".

### ARTE SAN FROILÁN

28ª Edición da mostra de artesanía.

Do 3 ao 12 de outubro na praza de Anxo Fernández Gómez. Das 11.00 h ás 14.30 h e das 17.00 h ás 21.00 h.





# ACTIVIDADES DEPORTIVAS

- **IV Torneo de voleibol San Froilán** organizado por Xabarín Volei Lugo na Casa do deporte o 21 de setembro ás 10h.
- **Trofeo San Froilán de Tiro con arco** organizado por Arco Muralla no Polideportivo Municipal Daniel Cordido o 28 de setembro ás 16h.
- **XLIX Torneo de judo San Froilán** organizado por Judo Lugo no Pavillón Municipal dos deportes o 29 de setembro ás 10.30h.
- **Torneo San Froilán de Rugby** organizado por Muralla Rugby nas pistas Gregorio Pérez Rivera o 5 de outubro ás 10h.
- **XXVIII Torneo de Golf San Froilán** organizado polo Clube Golf Lugo no Club Golf Lugo o 5 de outubro ás 10h.
- **C.B. Breogán - Manresa.** Liga ACB, no Pazo universitario dos deportes o 5 de outubro ás 17h.
- **Lugo Sala - Barça Athletic. 2ª División nacional** no Pavillón municipal dos deportes o 5 de outubro ás 20.30h.
- **X Copa Softball San Froilán** organizada por CBS Marineros Lugo no Campo municipal de beisbol O Ceao o 6 de outubro ás 10h.
- **C.D. Lugo - Nastic de Tarragona.** 1ª Federación no Estadio Anxo Carro o 6 de outubro.
- **IV SALTAR NA RÚA - MILLA POPULAR 40 aniversario LUCUS,** organizado por Lucus Caixa Rural Galega na praza Horta do Seminario. Milla Popular ás 11.30h e exhibición de saltos ás 12h o 12 de outubro.
- **Arenal Emevé - Ocisa Haro Rioja Volei.** Liga Iberdrola no Pavillón municipal dos deportes o 12 de outubro ás 17h.
- **Open San Froilán de Dardos Billar Pool** organizado por Tempos Modernos no Bar Tempos Modernos o 12 de outubro ás 17h.
- **Durán Maquinaria Ensino - Valencia B.C.** Liga feminina Endesa no Pazo universitario dos deportes o 12 de outubro ás 19h.
- **Arenal Emevé - UPV Lelema Conqueridor.** Superliga Masculina no Pavillón municipal dos deportes o 12 de outubro ás 19.45h.
- **CP Lucense - Balonman Riba do Sar.** Liga galega senior masculina no Polideportivo municipal Casa do deporte o 12 de outubro.
- **Ribeira FS - Albense Futbol Sala.** 2ª División nacional no Pavillón municipal dos deportes o 13 de outubro.
- **Open San Froilán de Billar Pool** organizado por Tempos Modernos no Bar Tempos Modernos o 11 e 12 de outubro ás 19h.
- **Torneo Padel San Froilán,** organizado por Lucas Padel en Lucas Padel entre o 11 e o 20 de outubro.
- **Torneo San Froilán de Tenis,** organizado por Club tenis As termas nas Pistas tenis municipais Friga entre o 4 e o 10 de outubro.



### COMISIÓN DE FESTAS:


- Tareixa Antía Ferreiro Tallón (BNG).
- María Cristina López Fernández (BNG).
- Miguel Fernández Méndez (PSOE).
- Ana González Abelleira (PSOE).
- Jorge Bustos Atanasio (PSOE).

Este programa do San Froilán 2024 pode ser obxecto de modificacións. Calquera novidade será publicada nos medios de comunicación locais e na web e redes sociais oficiais do San Froilán:





***WWW.SANFROILAN.INFO***

+ info no 010 ou no 982 297350, para chamadas desde fóra de Lugo.



## PUNTO VIOLETA

Os días 4, 5, 10, 11 e 12 entre ás 21.00h e ás 02.00h, Na praza Fernando de Casas Novoa (fondo da praza Maior).



**Horario dos MUSEOS  
MUNICIPAIS, OFICINA DE  
TURISMO e O VELLO CÁRCERE  
durante o San Froilán 2024:**

- 1. Casa dos Mosaicos,**  
CentroArqueolóxico de San Roque, Sala de Exposicións Porta Miñá e Museo Interactivo da Historia de Lugo.
  - Todos os días de 10:00 a 14:00 horas e de 16:30 a 20:30 horas.
- 2. Oficina Municipal de Turismo.**
  - Todos os días de 10:00 a 20:00 horas.
- 3. Centro de Interpretación da Muralla.**
  - Todos os días de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 horas.
- 4. Centro Cultural O Vello Cárcere.**
  - Mañás: Todos os días de 11:00 a 14:00 horas.
  - Tardes: de domingo a mércores de 17:00 a 20:30 horas. e de xoves a sábado de 17:00 a 22:30 horas.

**Teléfonos de interese:**

**Oficina Municipal de Turismo.**

Pr. do Campo, 11. 27001. Lugo.  
982251658.  
lugoturismo@lugo.gal

**Concello de Lugo.**

Pr. Maior, 1. 27001. Lugo.  
982297100. www.lugo.gal

**Oficina Municipal de Consumo.**

Ronda da Muralla, 197. 27002.  
Lugo. 982297273.

**Estación de autobuses.**

Pr. da Constitución, s/n. 27003.  
Lugo. 982223985

**Estación de tren.**

Pr. do Conde Fontao, s/n.  
27003. Lugo. 902240202.  
www.renfe.es

**Policía Local.**

Rúa das Artes, 33-35. 27002.  
Lugo. 092 / 982297110.

**Protección Civil.**

Rúa das Artes, 33-35. 27002.  
Lugo. 982297285.

**Policía Nacional.**

Rúa Chantada, s/n. 27004.  
Lugo. 091 / 982265118.

**Parque de Bombeiros.**

Avda. da Coruña, 240. Antigo Cuartel de Garabolos. 27003.  
Lugo. 080 / 982297480.

**Cruz Vermella.**

Avenida de Madrid, s/n. 27002.  
Lugo. 982231613.

**Garda Civil de tráfico.** 062.

**Urxencias médicas.** 061.

**Emerxencias.** 112.



**tienes la  
palabra**

**Lugo**

**TODO X TOD@S**

Cuentas con un sindicato independiente  
En CSIF contamos contigo



  
**por ti, contigo**  
*en un nuevo tiempo*